

I Xornada “Xuvenciencia” para profesorado

Mergúllate na investigación!

Propomos esta primeira **xornada de comunicación e información entre profesorado de ensino secundario e universitario** para promover actividades conxuntas dirixidas ao fomento das vocacións científico-técnicas do alumnado preuniversitario.

Obxectivos:

- Crear vínculos e sinerxías entre os distintos actores da educación preuniversitaria e universitaria implicados na divulgación de coñecementos científico-técnicos.
- Dar información sobre o sistema docente universitario actual segundo a reforma do Proceso de Bolonia.
- Toma de contacto do profesorado de ensino secundario coa organización da investigación e con algunhas liñas específicas que se desenvolven no Campus de Lugo da USC.
- Por en marcha actividades conxuntas no contexto científico que teñan como obxectivo fomentar o interese do alumnado de ensino secundario pola ciencia e a tecnoloxía.
- Formar grupos de traballo de profesorado de ensino secundario e universitario para o desenvolvemento de materiais educativos, especialmente pequenos proxectos científicos.

Información da Xornada:

- **Data: sábado 17 de xaneiro de 2015**
- Lugar: Salón de actos do CACTUS e laboratorios de investigación da USC
- Duración: 8 horas
- Número de prazas: 30
- Prezo: 10 euros (café e comida incluídos)
- Recoñecemento como actividade de formación do profesorado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Xunta de Galicia)
- Destinatarios: Profesorado de Ensino Secundario e de Formación Profesional das especialidades de Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, Tecnoloxía, Matemáticas
- Organización: **Grupo de Innovación Educativa divULGO (USC)**
Dirección: María de la Merced Novo Rodríguez
Secretaría: María Isabel Quiroga Berdeal
Contacto: campcientec@gmail.com

Calendario:

- Preinscrición: 6 – 12 de decembro de 2014
- Notificación de admisión: 15 de decembro de 2014
- Matrícula: 16 – 20 de decembro de 2014
- Xornada: 17 de xaneiro de 2014

Preinscríbete aquí ata o 12 de decembro: <http://www.tfaforms.com/356133>

I Xornada “Xuvenciencia” para profesorado

Mergúllate na investigación!

Programa:

- 9:30-10:00: Recepción e recollida de documentación. Salón de actos do CACTUS.
- 10:00-10:30: Presentación da Xornada. Andrés Barreiro (Vicerreitor de Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico do Campus de Lugo) e Mercedes Novo (coordinadora da Xornada).
- 10:30-11:30: Charla/coloquio sobre o sistema docente universitario actual: Espazo Europeo de Educación Superior, graos, másteres, créditos ECTS, competencias,...
Francisco Javier López (coordinador do Programa A Ponte para o Campus de Lugo)
- 11:30-12:00: Descanso.
- 12:00-13:00: Charla/coloquio: Cómo funciona a investigación na universidade? Quén a fai, cómo se organiza, fontes de financiamento, difusión e utilidade dos resultados, ...
Juan Luis Fernández (profesor e investigador do Departamento de Producción Vexetal da USC)
- 13:00-14:00: Presentación dun proxecto de plataforma docente para a colaboración entre o profesorado de ensino secundario e universitario: explicación dos obxectivos, proposta de proxectos piloto, formación de equipos de traballo, ...
Mercedes Novo (profesora e investigadora do Departamento de Química Física da USC)
- 14:00-15:30: Comida. (Facultade de Veterinaria)
- 15:30-17:00: Presentación dalgunhas liñas de investigación desenvolvidas no Campus de Lugo:
- “Sentinelas do medio ambiente”, Marta López (profesora e investigadora do Departamento de Patoloxía Animal da USC)
 - “O lado invisible das enfermidades animais”, Maribel Quiroga (profesora e investigadora do Departamento de Ciencias Clínicas Veterinarias da USC)
 - “Árbores en tubos de ensaio”, Juan Luis Fernández (profesor e investigador do Departamento de Producción Vexetal da USC)
 - “A auga no medio ambiente”, Monsterrat Valcárcel (profesora e investigadora do Departamento de Enxeñaría Agroforestal da USC)
 - “Pódese ver unha molécula?”, Wajih Al-Soufi (profesor e investigador do Departamento de Química Física da USC)
- 17:00-19:00: Visitas e talleres nos laboratorios de investigación.